



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A CELEBRACIÓN DA RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO 2017

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, D. José López Campos, alcalde do concello de A Estrada, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

E doutra, D. Santiago Novoa García, con NIF 34.233.599-P, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, na súa calidade de Director de Banca Institucional, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. José Piñeiro Prieto, o día 4 de xaneiro de 2010.

Intervenien en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello da Estrada, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2017.

A Rapa das Bestas é unha festa cultural e turística que se celebra anualmente na parroquia de Sabucedo. A celebración consiste en recoller os cabalos do monte, metelos no curro, cortarles as crins e marcalos para logo devolvelos ao monte.



Polas súas singulares características e capacidade de atracción de visitantes esta festa foi declarada no ano 2007 Festa de Interese Turístico Internacional.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Quinto.- Que nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2017, figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 "Axudas a eventos de interese turístico", código de proxecto 2017 00005 dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Sexto.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento do Entroido da Estrada mediante unha achega de 10.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello da Estrada para a o apoio á celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2017, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país impulsando así a mellora económica do sector.

A Rapa das Bestas de Sabucedo presenta unhas singularidades que a diferencian de outras similares, a máis importante é que non se utilizan cordas, palos ou aparellos para reducir ao animal. Os "aloitadores" suxeitan a besta mentres se procede a rapa usando só o seu corpo e a súa destreza para realizar esta labor.

Outra especialidade da Rapa das Bestas de Sabucedo é que a "Baixada" ou actividade de xuntanza e condución das bestas ao curro forma parte da propia celebración e participan nela centos de persoas de toda Galicia e de fóra da comunidade. Ademais séguese a tradición de celebrar unha misa na que se pide a San Lorenzo, patrón de Sabucedo, para que non ocorra ningún accidente durante a festa.

A tradición desta festa incluso podería ser prerromana xa que a topáronse diversos petrogrifos na zona nos que se representan homes sobre cabalos.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo, ascende a 51.400 .-€ que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Presentacións da Rapa	5.800.-€
Organización da Gala dos Aloitadores	5.000.-€
Deseño de material gráfico	1.800.-€



Cartelería e folletos	5.000.-€
Impresión de lonas promocionais	2.000.-€
Repartos de material promocional	1.000.-€
Ruta cabalar da Rapa das Bestas	3.000.-€
Gabinete de comunicación	5.500.-€
Promoción en medios	6.500.-€
Promoción itinerante	4.000.-€
Campaña publicitaria	5.700.-€
Actuacións musicais	5.100.-€
Total	51.400.-€

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de corenta mil euros (40.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 760.1 "Axudas a eventos de interese turístico" (Proxecto 2017 00005) para contribuír aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do concello da Estrada, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

A contía restante ata cubrir o importe total do orzamento estimado establecido nesta cláusula será aportado polo concello da Estrada.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O Concello da Estrada comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a totalidade dos gastos por importe do orzamento estimado de 51.400,00 €.
- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo



de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- En relación á colaboración con ABANCA, incorporar o distintivo corporativo desta entidade nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo en ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico jmnogueirad@abanca.com, previa a produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 40.000 €. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.760.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir o Concello no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que o Concello achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

3. ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento de subvencións de Galicia aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación e pagamento

I.- A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.



2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

A vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionados os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

II.- A achega de ABANCA será pagada directamente por esta ao concello da Estrada, unha vez que este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar a colaboración de ABANCA, o citado concello deberá remitirlle dirección jmnogueirad@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitude de abono en formato pdf. (Anexo 1)
- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2017.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **30 de setembro de 2017**.

Se o investimento xustificado fose menor e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, corresponderá igualmente o pagamento do importe concedido sempre que a contía xustificada sexa igual ou superior a este.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 100%. Para proceder ao seu pagamento, o concello da Estrada deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello da Estrada está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.

Undécima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo cuarta.- Vixencia e tramitación anticipada

Este entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o **30 de setembro de 2017** e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

María Naya Castro Domínguez

Por ABANCA

O Director de Banca Institucional

Santiago Novoa García

Polo concello da Estrada

O alcalde

José López Campos

ANEXO 1:

INSTRUCCIÓN: Cubrir o documento, con firma e selo e remitir en pdf a jmnogueirad@abanca.com, xunto con:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

MODELO DE SOLICITUDE DE ABONO

Nome da persoa que asina o escrito, cargo que ocupa e entidade á que pertence

Exemplo: _____, alcalde do Concello de _____, Provincia de _____

Visto o protocolo de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SA con CIF A-70302039 e o [NOME DO CONCELLO/ENTIDADE], con [CIF], para a celebración de [NOME DA FESTA], no que recolle unha colaboración por importe de [IMPORTE RECOLLIDO NO CONVENIO] €.

Visto que xa se remitiu tanto a Axencia Turismo de Galicia como Abanca:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

SOLICITO,

O ingreso do patrocinio recollido no protocolo de colaboración na conta que o [NOME DO CONCELLO/ENTIDADE] ten aberta en Abanca número: ESXX- 2080- XXXX -XXXX- XXXX- XXXX

Firma, selo e data